

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLO CONCELLO DA CORUÑA NO MARCO DO PROXECTO “CORUÑA SUMA”, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2020

COMPARECEN

Por unha banda,

Don **Pablo Casal Espido**, director xeral de Orientación e Promoción Económica, nomeado por Decreto 79/2019, do 11 de xullo (DOG n.º 132, do 12 de xullo) en representación da Xunta de Galicia en virtude da Resolución da Orde do 27 de xuño de 2018, sobre delegación de sinatura.

E pola outra,

Actuando Dona **Eva Martínez Acón**, DNI 32.823.893H, Tenenta de Alcaldesa da Área de Innovación, Industria, Emprego e Consumo do Concello da Coruña.

Ambas as dúas partes recoñécense coa capacidade xurídica para actuar no presente acto e:

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que entre as competencias que en materia laboral lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a da promoción do emprego e a formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional.

Que, co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a Formación Profesional como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ao día das súas competencias profesionais.

SEGUNDO.- Que o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. (DOG Nº18 do 25 de xaneiro de 2018) atribúe á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral competencias relativas, entre outras materias, á formación profesional para o emprego, que inclúen formación en Certificados de Profesionalidade.

TERCEIRO.- O Concello da Coruña presentou o proxecto “Coruña Suma” á Convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Empleo, Formación y Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE), por un importe total de 5.594.142,07 €.



A través da “Resolución de 13 de diciembre de 2018, de la Dirección General de Cooperación Autonómica y Local (Ministerio de Política Territorial y Función Pública), por la que se resuelve la convocatoria de 2018 de ayudas del Fondo Social Europeo destinadas a entidades locales para la inserción de las personas más vulnerables, en el contexto del Programa Operativo de Empleo, Formación y Educación”, o proxecto “Coruña Suma” do Concello da Coruña obtivo unha subvención de 4.475.313,66 €, cofinanciando o mesmo a través dunha achega municipal de 1.118.828,41 €

O Proxecto “Coruña Suma” establece o termo Municipal da Coruña como ámbito xeográfico de implantación para o desenvolvemento dos itinerarios de formación e inserción profesional, que estarán vinculados aos seguintes certificados de profesionalidade:

4 edicións de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” (SSCS0208). Nivel 2.

6 edicións de “Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (SSCB0209). Nivel 2.

3 edicións de “Socorrismo en instalacións acuáticas” (AFDP0109). Nivel 2.

3 edicións de “Socorrismo en espacios acuáticos naturais” (AFDP0209). Nivel 2.

5 edicións de “Rexistros contables” (MF0981). Nivel 2. (Módulo formativo do Certificado de profesionalidade (ADGD0308) Actividades de xestión administrativa)

5 edicións de “Xestión de arquivos” (MF0978). Nivel 2. (Módulo formativo do Certificado de profesionalidade (ADGD0308) Actividades de xestión administrativa)

5 edicións de “Técnicas de recepción e comunicación” (MF0975). Nivel 2. (Módulo formativo do Certificado de profesionalidade (ADGG0208) Actividades administrativas na relación co cliente)

5 edicións de “Elaboración culinaria básica” (MF0256). Nivel 1. (Módulo formativo do Certificado de profesionalidade (HOTR0108) Operacións básicas de cociña)

5 edicións de “Servizo básico de restaurante e bar” (MF0257). Nivel 1. (Módulo formativo do Certificado de profesionalidade (HOTR0208) Operacións básicas de restaurante e bar)

Para o desenvolvemento destes itinerarios formativos con Certificado de Profesionalidade, o Concello da Coruña incluíu nos correspondentes pregos de contratación, a obrigatoriedade das empresas ou entidades licitadoras de estar acreditadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a impartición desta formación, co correspondente certificado de profesionalidade, achegando a documentación xustificativa.

Así mesmo, as persoas formadoras, os espazos, instalacións e equipacións, deben cumprir coas prescricións e requisitos mínimos, consonte a normativa aplicable.

Na implantación práctica dos itinerarios observaranse, en todo caso, os requirimentos substanciais recollidos nos certificados de profesionalidade correspondentes.

CUARTO.- Ambas institucións comparten a crenza de que a mellor e máis prioritaria inversión é o capital humano. No momento actual, cómpre actuar conxuntamente e tomar medidas combinadas, que supoñan a optimización dos recursos públicos previstos polas diferentes administracións para incentivar e dinamizar o mercado e fomentar as cualificacións dos recursos humanos, contribuíndo a concretar algunha das actuacións propostas na Comunicación da Comisión ó Consello Europeo de 26 de novembro de 2008 denominada “Un plan europeo de recuperación económica” [COM (2008) 800 final].

En consecuencia, as partes asinantes consideran axeitado facer operativa e recíproca a colaboración



mediante o presente convenio para o recoñecemento da formación en materia de formación para o emprego incluída nos Certificados de Profesionalidade, cos compromisos que a continuación se relacionan.

ACORDAN:

Sentar as bases, definidas nas cláusulas que a continuación se recollen, para que os itinerarios de formación establecidos no punto TERCEIRO deste convenio, impartidos dentro do proxecto leven consigo a acreditación a través da expedición dos correspondentes certificados de profesionalidade, que en todo caso, serán emitidos polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de cumprir os requisitos previstos para tal fin no presente convenio.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida a través dos itinerarios formativos asociados ós certificados de profesionalidade para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a cada un destes certificados de profesionalidade, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.

O obxectivo da formación desenvolvida é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A formación impartida realizarase de forma presencial, e desenvolverá os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade referidos no anexo deste convenio.

Ademais da formación dos Certificados de Profesionalidade, o proxecto “Coruña Suma” inclúe nos seus itinerarios outra formación complementaria e transversal, acorde cos criterios do FSE, que non será obxecto deste convenio, e que polo tanto non é obriga da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Os medios materiais e didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán ós requirimentos esixidos nos reais decretos onde se regulan os certificados de profesionalidade correspondentes a cada itinerario.

SEGUNDA.- OBRIGAS DO CONCELLO DA CORUÑA

O Concello da Coruña, a través das empresas e entidades contratadas para o desenvolvemento dos itinerarios formativos do proxecto “Coruña Suma”, que contan coa correspondente acreditación por parte da Xunta de Galicia para impartir a formación correspondente aos Certificados de Profesionalidade, obrígase, mediante este convenio, a desenvolver os itinerarios formativos incluídos nos certificados de profesionalidade aos que se refire este convenio, cumprindo cos requisitos esixidos na normativa referida.

En todo caso, a responsabilidade da execución do presente Convenio ante a Xunta de Galicia recae no Concello da Coruña.

O Concello da Coruña, previo ao inicio das accións, comunicará á Xefatura Territorial da



Consellería de Economía, Emprego e Industria correspondente, os períodos anuais previstos para a impartición dos Certificados de Profesionalidade incluídos no presente convenio. A dita comunicación incluírá, ademais, as entidades ou empresas contratadas para impartilos, o número de prazas, a identificación dunha persoa de referencia en cada unha das devanditas entidades para a xestión de cada Certificado e a identificación da persoa referente do Concello da Coruña.

Nomeadamente o Concello comprométese a que as devanditas empresas e entidades contratadas por este para tal fin, realicen as seguintes tarefas:

1. Comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria correspondente o inicio das accións formativas cunha antelación mínima dun mes anterior ao seu comezo; o calendario de desenvolvemento das accións formativas a impartir; o lugar onde se impartirá a formación teórica; o centro de traballo onde se realizarán as prácticas; o programa formativo en formato normalizado, co desenvolvemento de cada un dos módulos formativos que comprenda a acción formativa a impartir; a duración e os equipamentos necesarios; e a relación dos docentes cos respectivos currículos. Ó finalizar as accións formativas comunicará a relación do alumnado que finalizou o curso con avaliación positiva.

2. Empregar a aplicación informática SIFO (na que rexistrarán o calendario de realización de cursos, as actas de selección de candidatos como alumnos dun curso, o certificado de inicio de impartición efectiva da acción formativa, a relación de alumnos e profesores coa súa asistencia por curso e día, as prácticas non laborais e, de ser o caso, os contratos), para facilitar o labor de supervisión, coordinación e control polos técnicos da Xefatura Territorial correspondente, pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

3. Seleccionar ao alumnado a través da metodoloxía de selección directa que estime o Concello ou mediante oferta de formación a través das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Os criterios de selección, terán en conta o cumprimento dos requisitos esixidos polo certificado de profesionalidade, xa que a carencia destes, implica que non se pode emitir ningún tipo de acreditación de aptitude.

Calquera que sexa a metodoloxía de selección que se escolla, deberá comunicarse a listaxe do alumnado a oficina do SPEG correspondente, para os efectos oportunos; entre eles, o de validación dos requisitos.

4. Comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria correspondente, a relación do alumnado seleccionado polo Concello da Coruña no marco do proxecto “Coruña Suma” (AP-POEFE). Os criterios de selección que se aplicarán serán o cumprimento dos requisitos esixidos polo certificado e a pertenza a grupos ou colectivos de vulnerabilidade no emprego.

5. Verificar, con anterioridade ó inicio da acción formativa, que o alumnado reúne os requisitos esixidos para acceder á formación do nivel 2, segundo a normativa de referencia, e que a especialidade formativa segue de alta no ficheiro de especialidades formativas do SEPE.

5. Impartir a formación en locais acreditados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a impartición das especialidades formativas referidas neste convenio.

6. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como todas aquelas actuacións de avaliación, seguimento e control esixidas polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.



7. Impartir os módulos de formación práctica en centros de traballo, segundo o previsto nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade e a comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria os convenios de colaboración cos anteditos centros de traballo.

8. Que todo o persoal docente, participante na formación, reúna as prescricións sobre formación e experiencia profesional recollidas no anexo IV de cada certificado, segundo o establecido nos respectivos reais decretos.

9. Avaliar ó alumnado por módulos formativos, de forma sistemática e continua, co obxectivo de comprobar os resultados da aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais, segundo o establecido nos reais decretos polos que se regulan os certificados de profesionalidade.

10. Asesorar na tramitación da solicitude dos certificados de profesionalidade a todas as persoas que cumprindo os requisitos de acceso á formación, a finalicen con avaliación positiva. En ningún caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquirirá a responsabilidade nin obriga ningunha respecto daquelas persoas que puideran participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade.

11. Desenvolver a formación aquí recollida con medios económicos procedentes do proxecto do Fondo Social Europeo aprobado, sen que en ningún caso a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquira ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

A Consellería de Economía, Emprego e Industria obrígase a expedir os correspondentes certificados ou, no seu caso, as unidades de competencia, a quen o solicite e demostre ter superado os módulos correspondentes ó devandito certificado ou unidade de competencia, a través da formación impartida por esta institución correspondentes ós itinerarios de formación recollidos no punto TERCEIRO do expositivo deste convenio, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos neste convenio e na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

En ningún caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade ou se a formación se impartise sen cumprir os requisitos propios do certificado nin ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.

En aras de coordinar esforzos co Concello da Coruña e optimizar os recursos públicos no eido da formación para o emprego, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, suspenderá temporalmente a demanda de emprego ás persoas participantes *soamente* naquelas accións formativas previstas no proxecto “Coruña Suma” que comporten a formación a acreditar obxecto deste Convenio, e mentres que as ditas accións formativas estean a desenvolverse.

Co obxectivo de solicitar a suspensión da demanda de emprego temporal das persoas beneficiarias, o Concello da Coruña, enviará ás oficinas do Servizo público de Emprego, os correspondentes



listados das persoas admitidas unicamente naquelas accións formativas previstas no proxecto “Coruña Suma” que comporten a formación a acreditar obxecto deste Convenio e que se vai desenvolver para a obtención dos Certificados de Profesionalidade recollidos no presente convenio. En todo caso, o Concello da Coruña indicará na comunicación ás oficinas de emprego: o nome do proxecto, o nome da acción formativa, os datos das persoas participantes e datas de inicio e finalización das accións.

O Concello da Coruña é o responsable de informar ás persoas participantes nas accións formativas do proxecto sobre a necesidade de acudir individual e persoalmente ás oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia que lles corresponda, para activar de novo a súa demanda de emprego, unha vez finalizada a súa participación na acción de formación do proxecto.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha Comisión mixta para o seguimento deste convenio, formada polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria ou persoa na que delegue, unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral designada polo anterior, a Alcaldesa do Concello da Coruña ou persoa na que delegue, e unha persoa técnica designada polo Servizo Municipal de Emprego do Concello da Coruña. Esta Comisión exercerá, principalmente, as seguintes funcións:

Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.

Vixilancia e seguimento do cumprimento deste convenio.

Aqueloutras que, para o efecto, se lle encomenden.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, poñendo fin á vía administrativa.

Contra estas resolucións poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose a Lei 40/2015, de 1 de outubro, o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro e a Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e as lagoas que se presenten, de acordo co seu artigo 4.2, ou disposición equivalente da lei que a substitúa (Lei 9/2017, do 8 de novembro).

SEXTA.- REXISTRO

Este convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos



persoais que consten no convenio, e maillo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto, consonte ó establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e os artigos 29 e seguintes da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SÉTIMA.- EXTINCIÓN OU RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas de extinción ou resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento das súas cláusulas por calquera das partes.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O mutuo acordo.
- d) A expiración do prazo sinalado na cláusula novena.

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que vén referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.

OITAVA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes comprométense a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información que lles sexa subministrada en virtude do presente convenio, a non ser que por parte das mesmas se autorizase expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ó tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente convenio. Neste sentido as partes comprométense a cumprir adecuadamente e, en todo momento, as disposicións contidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais e en calquera outras normas vixentes ou que no futuro poidan promulgarse sobre a devandita materia, comprometéndose a deixar indemne á outra parte de calquera responsabilidade que se puidese declarar como consecuencia do incumprimento das obrigas que en materia de protección de datos de carácter persoal lles incumben a cada unha delas.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste convenio será dende a súa sinatura ata que finalice o período de execución do proxecto, prevista para o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo das posibles prórrogas que poidan ser autorizadas pola Dirección General de Cooperación Autonómica y Local do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, sempre que non medie denuncia dalgunha das partes, formulada de forma fidedigna con tres meses de antelación, ou se dea por rematado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa maior.

De ser necesario, asinaranse as correspondentes addendas de actualización das actividades formativas, así coma a prórroga ou prórrogas da duración do convenio, que non suporán necesariamente, salvo que o recollan expresamente, denuncia ou modificación do mesmo.



De conformidade, asinan este convenio por cuádruplicado no lugar e data sinalados no encabezamento,

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral

A tenenta de alcaldesa,
da Área de Innovación, Industria,
Emprego e Consumo
do Concello da Coruña

Pablo Casal Espido

Eva Martínez Acón

